

ANUNCIO

Logo de aprobar por Resolución de Presidencia núm.2023-0071 de data 01/02/2023 a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria para a selección e cobertura de praza de Instructor Deportivo, incardinadas nun proceso de estabilización de emprego temporal, do tenor literal seguinte:

<< Á vista dos seguintes antecedentes:

Document o	Data/Núm.	Observacións
<i>Providencia de Presidencia</i>	10/12/2022	
<i>Informe de Secretaría</i>	10/12/2022	
<i>Bases que deben rexer a Convocatoria e o proceso de estabilización temporal</i>	14/12/2022	
<i>Convocatoria da Mesa Xeral de Negociación</i>	14/12/2022	
<i>Informe - proposta de Resolución</i>	14/12/2022	
<i>Resolución de Presidencia aprobando a Convocatoria e as Bases</i>	14/12/2022	
<i>Anuncio BOP</i>	20/12/2022	
<i>Anuncio no DOG</i>	28/12/2022	
<i>Anuncio no BOE</i>	30/12/2022	

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión. Características da praza vacante obxecto da convocatoria:

INSTRUTOR/A DEPORTIVO/A	
Grupo / Categoría Laboral	A2 - II
Nº. de prazas	1
Réxime	Persoal laboral fixo
Xornada	Completa
Retribución bruta anual	As que figuran no orzamento da Mancomunidad para o exercicio 2023
Titulación esixible	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte ou equivalente Permiso de conducción Tipo B



<p>Funcións a desempeñar</p>	<p>As funcións a desenvolver na praza de instructor/a deportivo/a serán as propias da súa categoría laboral en termos xenéricos e, en especial, as seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Planificar, programar, executar, coordinar e avaliar as tarefas propias da súa titulación e especialidade. 2. Planificar, organizar, coordinar e avaliar o programa anual deportivo da zona asignada de acordo con as directrices técnicas do departamento de promoción de saúde. 3. Realizar ditames, informes, etcétera, de carácter técnico relacionado co seu posto de traballo e especialidade. 4. Realizar recoñecementos e valoracións de condición física, seguindo o protocolo, planificación e obxectivos fixados. 5. Supervisar, desenvolver e executar as actividades e procedementos administrativos asignados á súa sección, así como realizar o seguimento dos mesmos. 6. Organizar todos os medios e recursos dispoñibles para poder alcanzar os obxectivos fixados nos programas de actuación. 7. Coordinar cos responsables doutras áreas que estean implicadas nos proxectos e programas de planificación e desenvolvemento da sección correspondente. 8. Informar puntualmente ao superior e propoñer as medidas correctoras necesarias. 9. Utilizar todos os medios de comunicación e informáticos que se implanten para a mellor orientación do servizo. 10. Garantir a seguridade das persoas ao seu cargo no seu posto de traballo, os bens e o medio ambiente, así como a mellora de condicións de traballo, xerando propostas. 11. Apoiar e asesorar tecnicamente aos directores de unidades deportivas que conforman a mancomunidad. 12. Analizar e propoñer melloras dos sistemas de traballo utilizados na zona asignada. 13. Realización das tarefas propias da súa categoría profesional de acordo cos protocolos e a organización da demanda no centro onde se presten os seus servizos en consonancia co programa de promoción de saúde. 14. Divulgar, promover e aplicar o papel preventivorecuperador e educativo das tarefas físicas ou deportivas desenvolvidas coa intención de mellorar os parámetros de saúde. 15. Capacitar ou educar os patróns motores xerais e específicos para facilitar un estado de benestar óptimo para manter ou mellorar a calidade de vida. 16. Proporcionar un servizo de promoción de saúde adaptado ás necesidades actuais dos usuarios. 17. Velar pola igualdade entre homes e mulleres. 18. Colaborar nas actividades deportivas, no plano de asesoramento aos encargados das devanditas funcións.
-------------------------------------	--

Sistema selectivo	1 praza por concurso
-------------------	----------------------

Examinada a documentación que acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVO



PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos:

ADMITIDOS:

- o SEIJO ÁLVAREZ, VICTOR MANUEL
- o VALENCIA RAJOY, JAVIER

EXCLUÍDOS: Ningún

SEGUNDO. Designar como membros do Tribunal de selección a :

TITULARES:

PRESIDENTE: Alejandro de Diego Gómez (SECRETARIO-INTERVENTOR)
SECRETARIA: María Dolores Villar Alvarez (SECRETARIA-INTERVENTORA)
VOGAL: María Begoña Quintas Fernández (SECRETARIA-INTERVENTORA)
VOGAL: Marta Pérez Fernández (TÉCNICO EN INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN)
VOGAL: María Felisa Sampedro Grande (AXENTE DE EMPREGO E DESENROLO LOCAL)

SUPLENTES:

PRESIDENTE: Jose Luis Feijóo Feijóo (SECRETARIO-INTERVENTOR)
SECRETARIO: Rodrigo Blanco Novoa (SECRETARIO-INTERVENTOR)
VOGAL: Francisco Javier Rodríguez Tourón (SECRETARIO-INTERVENTOR)
VOGAL: Alejandro Martínez Sánchez (SECRETARIO-INTERVENTOR)
VOGAL: Daniel Carnoto Espiño (SECRETARIO-INTERVENTOR)

TERCEIRO. Publicar a relación provisional de admitidos e excluídos, así como a composición do Tribunal de Selección, no taboleiro de Anuncios da sede electrónica da Mancomunidad Terra de Celanova [<https://terradecelanova.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web [www.terradecelanova.es]

Os aspirantes dispoñen dun prazo de *dez* días hábiles, a partir da publicación deste anuncio na sede electrónica, para formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a súa exclusión. >>



O que se fai de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección referenciado, aos efectos de que durante o prazo de *dez días hábiles* os aspirantes poidan emendar as faltas.

Toda esta información estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta Mancomunidad [<https://terracedelanova.sedelectronica.gal>]

